

CAMPUS DO OUTONO

30 de novembro e
1, 2 e 3 de decembro de 2017

35
outono fotográfico
2017
desde 1983

Proxecto
Benito
Losada

Xoves 30 de novembro

20.15 h.

Visita guiada: Environments, Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

por **Jon Gorospe**

Lugar: **Museo Municipal de Ourense**

Explicación do proceso de creación do proxecto e visita guiada feita polo propio autor.

Venres 1 de decembro

20.30 h.

Obradoiro de Light Painting

Impartido por Lomography Portugal en colaboración con Máquinas de Outros Tempos.

Envolve un obxecto en cores vibrantes ou cría alucinantes imaxes cheas de luz e cor coa técnica de pintura con luz (light painting).

Aproveita esta oportunidade para poderes experimentar unha cámara lomográfica e, con ela, obteres resultados divertidos e creativos.

Custo: 30€

(O evento inclúe o valor do carrete + revelado + dixitalización e ten unha duración de 2 horas)

Lugar: **Saída desde a Praza Maior**

Inscripcións: <https://goo.gl/forms/stjlocd484YmRLIs2>

Sábado 2 de decembro

10.30 h.

Workshop de Cianotipia

Impartido por Lomography Portugal en colaboración con Máquinas de Outros Tempos.

A Cianotipia é unha técnica de impresión do século XIX que consiste na utilización dunha mestura de químicos (que poden ser usados en diferentes concentracións para a obtención de tonalidades e contrastes diferentes), e da súa exposición a unha fonte UV, neste caso o sol, para crear imaxes en tons de azul sobre soportes diferentes dos habituais.

Ven aprender connosco un pouco máis sobre este proceso e porte mans á obra.

Custo: 35€

(O evento inclúe todo o material necesario (químicos e papel) e ten unha duración de 2h30)

Inscripcións: <https://goo.gl/forms/Rtbw2htl4ZA3PziQ2>

16.00 h.

PALESTRAS E PRESENTACIÓNS. Entrada libre

Lugar: **Galería Photo Art (Ourense)**

16.15 h.

Presentación do fotolibro LOBISMULLER

por **Laia Abril**

Foi o Lobishome de Allariz un home? Lobismuller reconstrúe a historia de Romasanta desde unha perspectiva feminina e intersexual do asasino en serie máis enigmático e sanguinario. A autora daranos a coñecer a historia a través da contrución narrativa do fotolibro.

17.15 h.

Drifting to silence

por **Mariana Guardani**

Fotografar o territorio desde as tensións subxacentes que posúe non sempre expostas ao individuo. Camiñando sen dirección a través do inconsciente individual, pode un descubrir o espazo das sensacións. A psicoxeografía trata do estudo dun lugar en ruptura co proceso tradicional de viaxe. O territorio convértese máis ben nun lugar condutor de sentimentos e emocións, conscientes ou non.

18.00 h.

Presentación do fotolibro NUEVA GALICIA

por **Iván Nespereira**

Nueva Galicia é o novo libro de Iván Nespereira. A publicación rexistra os rastros de dous movementos. O da árbore do caucho (hevea brasiliensis), 70 000 sementes foron transportadas desde Brasil a Inglaterra polo explorador británico Henry Alexander Wickham a bordo do barco Amazon Ship en 1876, o que permitiu que a especie se expandise por todo o mundo. E o dun grupo de europeos que migran ao Amazonas, atraídos polo auxe económico que xerou a extracción do caucho entre 1850 e 1920, e que botan raíces en diferentes poboacións a beiras do Río Amazonas.

19.00 h.

Os novos desafíos do ensino artístico

por **Armanda Bastos**, Directora Pedagóxica,
António Pedrosa, Director do departamento de Fotografía
e **Alexandre Souto**, Director de Marketing. IPCI do Porto

Parte da directiva do Instituto de Produção Cultural e Imagem do Porto acompañarannos para nos falar do seu proxecto de fundación do IPCI e dos desafíos da nova forma de ensinar na arte e na fotografía.

20.00 h.

Home Sweet Home

por **Rubi Lebovitch**

O fotógrafo israelí falará sobre o seu último ensaio fotográfico e de procesos

de creación de proxectos artísticos sen saír da casa.

Domingo 3 de decembro

10.30 a 14.00 e de 15.30 a 19.00 horas

Workshop: Edición Creativa

Impartido por **Laia Abril**

Galería Photo Art. Ourense

O obradoiro centrarase na análise e a construción de diferentes narrativas e proporcionará unha serie de ferramentas e estratexias para mellorar a narración de cada proxecto, adaptada a diversas plataformas como libros fotográficos, instalacións ou web docs. Exemplificando os casos con diversos proxectos a longo prazo. A autora proporá a metodoloxía do lateral thinking e o traballo en equipa para enfocar as súas series fotográficas como un proxecto creativo.

Prezo: 65€

Prazas: 16

Inscripcións: **Envía o teu nome completo e número de teléfono a participa@outonofotografico.com, co asunto "Workshop Laia Abril".**